


*Para viaxar lonxe, non hai  
mellor nave que un libro"*  
Emily Dickinson (1830-1886)  
Poeta estadounidense

#### Para viaxar coa música...

*Un bico de amor e vida.* X. A. Neira Cruz. Árbore Musicontos. Galaxia.  
Recreación do conto tradicional *A Sereña* coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia e da actriz M<sup>a</sup> Inés Cuadrado.




*Todos os animais ao caixón.* Mamá Cabra. Primeira persona.  
Novo traballo do grupo Mamá Cabra con cancións escritas a partires de contos sobre animais da colección "Cu-cú, sorpresa" da editorial Combel.



*Trece lúas.* Asociación de Gaiteiros Galegos.  
Libro-CD-DVD que nos convida a unha viaxe polos doce meses do ano con cadansúa canción.



Bo verán e boas lecturas!  
Vémonos en setembro!



## Ler e viaxar

A Biblioteca Brea Segade achégavos un ano máis a súa recomendación de lecturas para o verán. Despois de todo un curso de traballo vén un tempo de merecido descanso, de xogo, de estar cos amig@s e coa familia. O verán é tamén tempo de viaxes, de excursións, de descubertas e como non, de lecturas que nos acompañen neste tempo de lecer e nos transporten a outros mundos ou a outras realidades.

Aquí vai unha pequena selección de libros e música para este verán, de naves para viaxar lonxe e para apreciar o que temos preto de nós.

Boas vacacións e boa viaxe polo mundo dos libros.

Biblioteca Brea Segade

[www.blogoteca.com/bbs](http://www.blogoteca.com/bbs)

**B.P.M. "Castelao"**  
-Rianxo-  
Non deixes de ir  
no verán.

| Horario | Luns a venres | Sábado      |
|---------|---------------|-------------|
| Mañás   | 09:30-14:00   | 11:00-14:00 |



**BOLETÍN  
INFORMATIVO  
DA  
BIBLIOTECA  
BREA SEGADE  
TARAGOÑA**

**Viaxes e lecturas  
para este verán**



**BBS**


**Biblioteca Brea Segade**

Xuño 2009

## Primeir@s lector@s

A colección *Os Bolechas van de viaxe* ofrécenos máis dez de títulos que nos levan á descuberta de diferentes lugares de Galicia da man dos personaxes máis coñecidos e queridos da literatura infantil en galego.

*Os Bolechas van de viaxe. O con da illa de Arousa*. Pepe Carreiro. A Nosa Terra.




*A aventura sorprendente dun homiño moi valente*. Hans Traxler. Xerais.

Se te queres rir e sorprenden coas rimas e as ilustracións, acompaña a este homiño tan valente na súa tola e disparatada aventura.




*A viaxe do bisavó*. Marta Farias. Kalandraka.

Unha historia sobre a emigración e a inmigración, os lazos que nos unen con América Latina, as lembranzas, as raíces... Unha viaxe de ida e volta.



*A longa viaxe de Carambeliña Polar*. Ana Mª Fernández. Obradoiro Alfaguara.

A viaxe dunha folepa de neve ás terras do Sur para atopar ás súas irmás.



*O sombreiro chichiriteiro*. Manuel Rivas. Xerais.


Unha historia de amizade dun sombreiro moi especial, o Chichiriteiro, e dun neno valente chamado Simón, que viaxarán xuntos ao corazón do mundo.



## Lector@s autónom@s

*Viaxe de ida e volta*. Ánxela Loureiro. Xerais.

Aventura de Mol e Fol, dous caracois que viven xuntos nunha horta ata que un día alguén colle unha leituga e se leva a un deles.




*Imos buscar un tesouro e ¡Que bonito é Panamá!*. Janosch. Kalandraka.

Un tigre e un oso son os amigos que nestas dúas historias van na busca da terra e do tesouro dos seus soños.




*Nacer. Animais extraordinarios*. Xulio Gutiérrez. Factoría K.

Unha viaxe ao mundo animal. Neste libro descríbese a forma asombrosa en que se reproducen e coidan as súas crías doce especies de animais.




*Un tren cargado de misterios*. Agustín Fernández Paz. Xerais.

Un día Ana sube a un tren moi especial: nel percorrerá os países do mundo enteiro e, ademais, terá que resolver o misterio que encerran sete enigmáticas caixas azuis.



*Ventos*. Antonio García Teijeiro. Xerais.


Colección de vinte poemas nos que está presente o vento, que serven como enlace para ir percorrendo diferentes ambientes e mundos.



## Lector@s expert@s

*Smara*. Paula Carballeira. Kalandraka.

Smara é a historia da viaxe dun neno a un lugar do deserto do Sahara. Alí coñece a Avoa Ugago, que fora unha poderosa maga, capaz de protexer a cidade dos intrusos. Ela cóntalle historias do seu pobo, os chamados Fillos das Nubes.




*Lúa do Senegal*. Agustín Fernández Paz. Xerais.

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Casamence, unha rexión ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado.



*Perigo Vexetal*. Ramón Caride. Xerais.

É unha novela de aventuras ambientada no ano 2075, entre Galicia, Arxentina e Suíza. Dous irmáns orfos, Sheila e Said, pónense en contacto cos "rapaces do pasado" para contarlles unha extraordinaria aventura.



*Os piratas da illa da Esperanza*. X.H. Rivadulla Corcón. Xerais.

Os membros do *Club de Lectura Pedra dos Corvos* e *Vagabundo*, un vello navegante, vivirán unha arriscada aventura que os levará a embarcarse no Praia de Quenxe para procurar un tesouro na illa da Esperanza.



*Miguel de Unamuno. Selección poética*. Factoría K.

Novo título da colección de poesía *Trece liñas* con imaxes de Artur Heras para cada un dos poemas de Unamuno.

